

Pecios de Tarifa.

Preto da antiga cidade árabe de Yazira Tarif, esténdese ata a beira un denso bosque de piñeiros que topa continuidade baixo o mar, onde crece este outro bosque, oculto e mergullado.

Na estratéxica zona do estreito de Gibraltar atópase a Punta de Tarifa, o lugar máis meridional da Península Ibérica. Aquí localízase a divisoria entre as augas do Mar Mediterráneo e as do Océano Atlántico.

Malia que na zona prodúcense fortes correntes, as laminarias do xénero Saccorrhiza mantéñense vivas e ancoradas ás rochas. Estas algas pardas pertencen a unha especie pouco frecuente que pode alcanzar os dous metros de lonxitude. O estípite e a lámina pérdense no outono e rexenéranse á primavera seguinte.

Como todos os bosques, este tamén ten moradores misteriosos, criaturas que parecen saídas da imaxinación. A raia mosaico chámase así polo curioso deseño da súa pel, que lle permite pasar desapercibida. Vive nos claros de area que quedan entre as algas e ten hábitos nocturnos.

As profundidades deste bosque, os seus fondos de area, pechan aínda outros segredos e lendas. As algas laminarias atoparon aquí un curioso soporte ríxido sobre o que implantarse: centos de ánforas de cerámica esparcidas polo fondo, a antiga mercancía dun barco, afundido e esquecido hai séculos.

Os pecios son frecuentes nestas costas pois o tráfico marítimo foi intenso desde a Antigüidade. A cidade romana de Baelo Claudia foi fundada na fin do século II a.C. ao oeste da enseada de Bolonia.

Como estaba enmarcada cara ao interior polo arco montañoso das Serras da Plata e San Bartolomé, o mar constituíu o seu principal medio de comunicación, ademais da súa fonte de riqueza. A pesca do atún e a elaboración de salgadasuras e conservas de peixe convertéronse en obxecto dun intenso comercio co norte de África.

Malia os devastadores efectos dun maremoto no século II, Baelo Claudia continuou activa ata o século VII.

Os restos dos naufraxios, pegadas daquela intensa actividade marítima e comercial, seguen sendo vítimas da ambición humana. O que o mar conservou durante centos de anos desaparece en poucos meses a mans dos expoliadores, auténticos ladróns da historia da humanidade.